



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR. REGULACIÓN

REQUISITOS:

Poderán participar aquelas persoas que **non cumpran os requisitos académicos** esixidos para acceder aos C. S. e teñan **19 anos** ou os fagan no ano de realización da proba.

ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN:

Estrutúrase en **dúas partes**: común e específica.

a) Parte COMÚN. Organízase en tres probas:

- Lingua galega.
- Lingua castelá.
- Matemáticas.

b) Parte ESPECÍFICA:

- Organízase en tres opcións, **A, B e C** en función das familias profesionais.
- A persoa, no momento de formalizar a solicitude de inscrición na proba, elixirá **unha única opción** (A, B ou C) e, dentro da opción elixida, escollerá **dúas materias**, das tres ofertadas.

OPCIÓN	MATERIAS A ELIXIR	FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS
A	- ECONOMÍA DA EMPRESA - LINGUA ESTRANXEIRA (INGLÉS OU FRANCÉS) - FILOSOFÍA	- Administración e xestión - Comercio e márketing - Hostalaría e turismo - Servizos socioculturais e á comunidade - <i>CS de Producción de audiovisuais e espectáculos</i> (da familia profesional de Imaxe e son)
B	- DEBUXO TÉCNICO - TECNOLOXÍA INDUSTRIAL - FÍSICA	- Artes gráficas - Edificación e obra civil - Electricidade e electrónica - Enerxía e auga - Fabricación mecánica - Industrias extractivas - Informática e comunicacións - Instalación e mantemento - Imaxe e son (agás o ciclo de <i>Producción de audiovisuais e espectáculos</i>) - Madeira, moble e cortiza - Marítimo-pesqueira (agás o ciclo de <i>Acuicultura</i>) - Transporte e mantemento de vehículos - Têxtil, confección e pel - Vidro e cerámica
C	- CIENCIAS DA TERRA E AMBIENTAIS - QUÍMICA - BIOLOXÍA	- Agraria - Actividades físicas e deportivas - Imaxe persoal - Industrias alimentarias - <i>CS de Acuicultura</i> (da familia profesional Marítimo-pesqueira) - Química - Seguridade e medio ambiente - Sanidade

EXENCIÓNS:

A **solicitude** de exención deberase formular **no momento da inscrición para a proba**, achegando a documentación acreditativa correspondente. A resolución sobre a exención corresponderalle ao tribunal avaliador.

- **PARTE COMÚN**, acreditando unha das seguintes circunstancias: .- Ter superada a **proba de acceso a outros ciclos formativos de grao superior** de réxime xeral non incluídos na opción pola que se presenta. .- Ter superada unha **proba de acceso a ciclos formativos de grao superior de ensinanzas deportivas ou de artes plásticas e deseño**.

- **PARTE ESPECÍFICA**, acreditando unha das seguintes circunstancias: .- Ter un título de **técnico auxiliar** (FP1) que se corresponda con algunha das **familias profesionais** (consonte anexos VIII e IX da [Orde da convocatoria](#)). .- Dispor dun **certificado de profesionalidade de nivel 2 ou superior dalgunha das familias profesionais incluídas na opción** pola que se presenta (anexos VIII e IX). .- Ter, como mínimo, **un ano de experiencia laboral en xornada completa** en campos profesionais que se correspondan con algunha das familias da opción (anexos VIII e IX). .- Ter a condición de **deportistas de alto nivel/rendemento** no caso de escoller a **opción C**. – Dispor dun título de **técnico deportivo** no caso de escoller a **opción C**. – Dispor dun título de **técnico de artes plásticas e deseño** no caso de escoller a **opción B**.